

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026121	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

A idea fundamental desta materia é coñecer o funcionamento das empresas, dende como creala a saber a súa situación financeira. Ten parte teórica e práctica, con exercicios e deseño dun modelo de negocio.

Céntrase na empresa como realidade fundamental da estrutura socioeconómica do mundo contemporáneo. O seu obxectivo é o estudo tanto da dimensión interna da empresa coma das súas relacións coa contorna externo a ela.

Aparte da análise técnica, imprescindible para coñecer o funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas, preténdese desenvolver nos alumnos e nas alumnas actitudes éticas e críticas con respecto ao papel da empresa na sociedade, concedéndolle tanta relevancia á análise puramente económica e instrumental coma aos aspectos sociais e de incidencia da empresa no medio ambiente.

Dentro da selección de contidos que implica toda programación para uns alumnos e alumnas determinados, convén ter en conta os seguintes criterios:

- Recoller os contidos de maior poder explicativo, que son aplicables á maior variedade de casos e sistemas.
- Recoller, con sentido crítico, as achegas teóricas máis relevantes na teoría económica e empresarial.
  - Limitar, na medida do posible, a aplicación de técnicas matemáticas complexas, complementándoas coa explicación verbal e gráfica.
  - Incidir no papel que a materia desempeña na configuración de valores e de actitudes socialmente positivos, tales como a valoración do traballo en equipo, o coñecemento do funcionamento dos grupos, a importancia das actitudes individuais no benestar colectivo, o rexeitamento das desigualdades económicas e da degradación do medio ambiente. etc.

A amplitude dos temas tratados non permite dar á programación a precisión e profundidade que podería ser desexable, polo que se preferiu dar prioridade á visión global do funcionamento das empresas antes que quedarse en parcelas menores e máis profundas, que no caso de interesar poderase facer ao proseguir estudos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuir ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A empresa: forma xurídica e contorna. Área de produción e aprovisionamento.	<p>Comezaremos por tentar ofrecer unha visión global da empresa: definición, clases, lexislación pola que se rexe, forma xurídica, papel do empresario, emprazamento, análise da contorna.</p> <p>De seguido analizarase o emprendemento coma unha oportunidade, a creación dunha idea... para atopar novas formas de facer negocios, aínda que se deben ter en conta os problemas ambientais actuais, tendendo a emprender proxectos que sexan economicamente sustentables.</p> <p>Analizarase a función de produción: como imos elaborar o noso produto? Os custos de produción (directos, indirectos, fixos, variables, totais, medios e marxinais); é máis interesante mercar ou producir? e se decidimos producir, cal será a cantidade mínima que se debe producir e vender para acadar beneficios (punto morto).</p> <p>Finalmente trataremos a área de aprovisionamento: métodos de valoración de existencias admitidos (FIFO e PMP), custos de almacenamento e métodos de xestión de inventarios (JIT, Wilson e ABC).</p>	33	38	X		
2	Organización interna; a dirección da empresa. O	A empresa ten que ser competitiva e eficiente, por iso necesita unha boa	34	40		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	patrimonio e as contas anuais da empresa. Lexislación fiscal. Por último trataremos a función financeira e investimento.	<p>organización interna previa e consciente. De seguido ímonos introducir no estudo da contabilidade da empresa; analízase o patrimonio e os cambios derivados da súa actividade. Analizarase o Plan Xeral de Contabilidade, normativa que deben cumprir.</p> <p>O Dereito Fiscal xorde pola necesidade do Estado de obter ingresos para cubrir os gastos públicos. As empresas tamén deben contribuír ao sostemento do Estado de acordo coa súa capacidade económica. Veremos as fontes de financiamento que lle permiten levar a cabo os investimentos.</p>	34	40		X	
3	A xestión dos Recursos Humanos. Análise dos estados contables. Área comercial e a mercadotecnia. A dixitalización e innovación nos novos modelos de negocio. A estrutura do plan de empresa.	<p>O factor humano é o primordial en calquera organización. As empresas están cada vez máis dispostas a realizar grandes investimentos na selección e formación do seu propio persoal.</p> <p>Levaremos a cabo as análises financeira e económica así coma a rendibilidade. A área comercial abrangue as fases na investigación de mercado, o tipo de competencia e o comportamento do consumidor. Os avances tecnolóxicos deron lugar á dixitalización da economía e a unha revolución tecnolóxica. A innovación obriga ás empresas a crear novas estratexias de negocio e mellorar produtos para manterse no mercado; analizaremos diversas ferramentas para innovar en modelos de negocio. Finalmente tentaremos explicar como se confecciona un plan de negocio para que funcione coma unha ferramenta para presentar a idea de negocio que hai detrás.</p>	33	38			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A empresa: forma xurídica e contorna. Área de produción e aprovisionamento.	38

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Comprende a realidade desde unha perspectiva económica, recoñece o papel fundamental dos emprendedores e empresas que exercen como elementos transformadores do contexto actual, caracterizado polo seu gran dinamismo e pola rápida incorporación das novas tecnoloxías e as súas múltiples aplicacións.		
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	É consciente da importancia da I + D + I e do importante papel na mellora da competitividade europea e a capacidade de innovación, especialmente a nivel rexional onde as institucións actúan como conectores e ligazóns cruciais entre o mundo do traballo, as organizacións e sociedade.		
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. Valora de forma crítica as externalidades.		
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Identifica as formas xurídicas en canto a esixencias de capital e coa responsabilidade dos socios e os xestores. Coñece as funcións, elementos e obxectivos das empresas. Estuda con rigor casos concretos de empresas da súa contorna.	PE	100
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Comprende que os elementos da contorna inflúen nas decisións adoptadas polas empresas. Valora o esforzo que realizan as empresas para lograr un desenvolvemento sustentable (ODS), integrando a responsabilidade social corporativa (RSC).		
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	É quen de elaborar organigramas e analiza as relacións formais e informais. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Define en que tipo de mercado opera determinada empresa así coma as características dese mercado. Valora as canles de relación con clientes e dálle importancia ás fontes de ingreso que poden provir dun modelo de negocio innovador.		
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. Elabora e interpreta a conta de P e G. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. Identifica e valora as obrigas fiscais das empresas.		
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	É consciente da importancia dunha actitude respectuosa na comunicación, aprendendo a argumentar, escoitar e a transmitir eficazmente. A internacionalización das empresas, fai que deban dominar outros idiomas para comunicarse con corrección e autonomía ante diferentes situacións.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Coñece estratexias de comunicación eficaces e áxiles na xestión e intercambio de información entre a empresa e os axentes da súa contorna, e sabe aplicar diferentes ferramentas comunicativas como a narración de historias e o discurso do ascensor .		
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Logra determinar os ingresos e custos da empresa, calculando o punto morto e resolvendo exercicios sobre a conveniencia de mercar ou producir. Pode representar graficamente os resultados obtidos e interpretar esa gráfica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O empresario ou a empresa. Perfís.</li> <li>- A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial.</li> <li>- O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento.</li> <li>- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.</li> <li>- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estrutura de custos: clasificación e cálculo de custos.</li> <li>- A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio.</li> <li>- A competencia e os nichos de mercado.</li> <li>- A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.</li> <li>- A protección da idea, do produto e da marca.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Organización interna; a dirección da empresa. O patrimonio e as contas anuais da empresa. Lexislación fiscal. Por último trataremos a función financeira e investimento.	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	É consciente da importancia da I + D + I e do importante papel na mellora da competitividade europea e a capacidade de innovación, especialmente a nivel rexional onde as institucións actúan como conectores e ligazóns cruciais entre o mundo do traballo, as organizacións e sociedade.	PE	100
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. Valora de forma crítica as externalidades.		
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Coñece as consecuencias da división do traballo e a especialización. Identifica a función de cada área de actividade da empresa, así como as súas interrelacións.		
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	É consciente da importancia da eficiencia e da produtividade na empresa para manter ou mellorar a súa posición competitiva no mercado e facer realidade un modelo de negocio.		
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Diferenza entre métodos estáticos e dinámicos na selección de investimentos, calcúlaos e interpreta resultados. Coñece as distintas fontes de financiamento e o custo que implican.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Define en que tipo de mercado opera determinada empresa así coma as características dese mercado. Valora as canles de relación con clientes e dálle importancia ás fontes de ingreso que poden provir dun modelo de negocio innovador.		
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. Elabora e interpreta a conta de P e G. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. Identifica e valora as obrigas fiscais das empresas.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Coñece estratexias de comunicación eficaces e áxiles na xestión e intercambio de información entre a empresa e os axentes da súa contorna, e sabe aplicar diferentes ferramentas comunicativas como a narración de historias e o discurso do ascensor .		
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Coñece e domina as distintas ferramentas de análise empresarial para validar a proposta do modelo de negocio. Ten unha visión global de todo o proceso.		
CA4.5 - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	É quen de valorar a situación económico-financeira da empresa a través da análise das distintas contas anuais así coma de diferentes ratios. Interpreta esta información e achega posibles solucións para tentar mellorar a situación da emprsa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.</li> <li>- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.</li> <li>- A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.</li> <li>- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.</li> <li>- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.</li> <li>- A competencia e os nichos de mercado.</li> <li>- Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio.</li> </ul>

Contidos
- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas. - A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
3	A xestión dos Recursos Humanos. Análise dos estados contables. Área comercial e a mercadotecnia. A dixitalización e innovación nos novos modelos de negocio. A estrutura do plan de empresa.	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	É consciente da importancia da I + D + I e do importante papel na mellora da competitividade europea e a capacidade de innovación, especialmente a nivel rexional onde as institucións actúan como conectores e ligazóns cruciais entre o mundo do traballo, as organizacións e sociedade.	PE	91
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. Valora de forma crítica as externalidade		
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Recoñece os novos modelos de negocio como, por exemplo, long tail, freemium, multiplataforma e app, permiten que as empresas se enfronten a estes contextos e actúen con axilidade.		
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	É consciente da importancia da eficiencia e da produtividade na empresa para manter ou mellorar a súa posición competitiva no mercado e facer realidade un modelo de negocio.		
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Define en que tipo de mercado opera determinada empresa así coma as características dese mercado. Valora as canles de relación con clientes e dálle importancia ás fontes de ingreso que poden provir dun modelo de negocio innovador.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. Elabora e interpreta a conta de P e G. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. Identifica e valora as obrigas fiscais das empresas.		
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Valora a importancia de adaptación áxil, responsable e sostible que debe ter a empresa como obxectivos. Así recoñece a innovación coma parte da mellora continua e de adaptación ao contexto; mais tamén, a satisfacción das necesidades dos seus clientes e contribuír ao benestar económico e social.		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Domina distintas ferramentas para xerar modelos de negocio (CANVA, mapa de empatía...); coas que elaborará a súa proposta de valor.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Coñece estratexias de comunicación eficaces e áxiles na xestión e intercambio de información entre a empresa e os axentes da súa contorna, e sabe aplicar diferentes ferramentas comunicativas como a narración de historias e o discurso do ascensor .		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Coñece e domina as distintas ferramentas de análise empresarial para validar a proposta do modelo de negocio. Ten unha visión global de todo o proceso.		
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Recoñece a importancia de analizar a realidade dende unha perspectiva económica e social así coma a situación macroeconómica do momento, o mercado e a competencia.		
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Elabora e presenta un plan de negocio sobre un escenario concreto. En todo o proceso deberá xustificar todas as decisións tomadas na súa elaboración.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	É consciente de que a innovación é positiva pero supón investimentos altos e co fin de protexer os esforzos dos creadores de novos inventos ou técnicas, creáronse normas que amparan a propiedade industrial		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	É quen de valorar a situación económico-financeira da empresa a través da análise das distintas contas anuais así coma de diferentes ratios. Interpreta esta información e achega posibles solucións para tentar mellorar a situación da empresa.		
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	É quen de elaborar organigramas e analiza as relacións formais e informais. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	TI	9

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.</li> <li>- Empresa e modelo de negocio.</li> <li>- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.</li> <li>- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.</li> <li>- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.</li> <li>- O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio.</li> <li>- O punto de vista dos clientes: mapa de empatía.</li> <li>- A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio.</li> <li>- A competencia e os nichos de mercado.</li> <li>- As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación.</li> <li>- O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións.</li> <li>- As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías.</li> <li>- Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio.</li> <li>- Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.</li> <li>- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.</li> <li>- A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil.</li> <li>- A protección da idea, do produto e da marca.</li> </ul>

## Contidos

- A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folia de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico.
- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O obxectivo principal que temos que acadar é introducir ao estudante no coñecemento da empresa e da realidade empresarial.

O método a empregar debe permitir ou posibilitar que os alumnos e as alumnas aprendan a pensar dentro dunha ciencia concreta e sexan quen de presentar problemas e resolvelos por si mesmos, así como adquirir o hábito de investigar na realidade, pasando dunha actitude receptiva a unha actitude activa.

A materia desenvolve un conxunto de coñecementos que para o alumnado son novos. Trata de dar a coñecer a natureza dos problemas económicos que se lle presentan á empresa. Este obxectivo non é doado de resolver cando tan só se ten unha bagaxe xeral previa de Economía no curso anterior. Neste caso o contexto é máis concreto, o que por unha banda acerca á realidade, pero, por outra esa mesma concreción afasta ao alumnado dela debido ao alto contido técnico que se emprega.

Os alumnos e alumnas a esta idade saben cousas, posúen ideas xa formadas que foron confeccionando ao longo da súa vida escolar ou no seu contorno familiar ou de amizade. O ter escoitado falar de algo pode servir de punto de partida para entrar no seguinte paso de coñecemento que implica unha reestruturación das estruturas cognitivas.

Debemos contar co alumnado á hora de levar adiante o proceso de aprendizaxe, e non só pola actitude positiva que elo implica, senón polo propio proceso en si mesmo ao requirir unha motivación e actividade pola súa parte. Esta actividade requirirá observar, pensar, presentar dúbidas, etc., en xeral relacionar o aprendido con esquemas de coñecemento anteriores, e aplicar os novos coñecementos a análise e explicación de situacións novas. Para poder levar adiante isto é polo que as actividades deben ser motivadoras e atractivas, é dicir, que o coñecemento non sexa un peso en se mesmo.

A metodoloxía suxire que se deba partir da contorna máis inmediata. As alumnas e os alumnos deben aprender a recoñecer no seu derredor os elementos cos que traballan. Neste sentido son importantes os procedementos de tradución de feitos observables (vila, empresas, actividades que se desenvolven na localidade, etc), a problemas a analizar, describíndoos, definíndoos, enunciando conceptos, establecendo relacións, realizando cálculos, etc. Unha vez traballado este nivel, poderase dar un paso máis adiante no proceso de abstracción e entrar noutras partes do modelo que se estea a desenvolver.

Cada paso novo debe ir precedido dunha primeira actividade que conecte coa realidade coñecida. O detectar os coñecementos previos permite actuar sobre a diversidade, tratando de xeito diferente aos que se atopan en situación diferente.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

No referente aos recursos a empregar na aula, a estratexia expositora require duns materiais seleccionados ou elaborados previamente pola profesora, debendo ser rigorosa na súa selección ou elaboración. A prensa e internet son fontes de información moi importantes nesta materia, que poden ser complementadas con vídeos, material escrito, ou saídas á rúa: visitas a centros de produción, de comercialización ou ben investigacións no propio Centro escolar.

Este nivel de traballo precisa do dominio das tecnoloxías da información: onde están, como utilízalas, que datos son máis fiables, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso.

Destacar a páxina web do IGE (Instituto Galego de Estatística) que conta cun portal educativo, onde é posible consultar multitude de datos actuais relacionados co mercado de traballo, clasificación das empresas galegas por áreas de actividade, taxas de paro, ...

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos ou visuais. Así resaltaremos a utilización de libros ou material de actividades

propostas pola profesora. Nesta materia cómpre destacar a importancia do uso de artigos de prensa, revistas especializadas, tecnoloxías da información, etc. Entre outros materiais usaranse:

- Código Civil,
- Código de Comercio.
- Lei de Sociedades Anónimas.
- Estatuto dos traballadores.
- Balances de Situación.
- Contas de Perdas e Ganancias.
- Plan Xeral de Contabilidade.
- Lei sobre o Imposto de Actividades Económicas.
- Lei do Imposto sobre o Valor Engadido.
- Lei do Imposto sobre Sociedades.
- Materiais audiovisuais.
- Materiais de traballo preparado pola profesora: fichas, esquemas, etc.
- En Internet, empregaremos os datos da páxina do IGE.

Traballarase con este material co fin de que o alumnado, a través da lectura, interpretación e análise de datos obtidos das distintas fontes sexan capaces de achegarse ós conceptos económicos e financeiros, legais e de organización das empresas, obtendo, seleccionando, interpretando a información e tratándoa de forma autónoma. Isto permitiralles tomar decisións a partir dunha planificación rigorosa, contrastada e documentada.

Non se empregará libro de texto para o desenvolvemento da disciplina. A profesora proporcionará os apuntamentos necesarios, mediante fotocopias, elaborados por ela baseándose en diversos libros de economía e organización de empresas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As actividades de avaliación deben ser acordes co que se ten realizado durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e recorren toda a gama de contidos desenvolvidos na unidade ou no curso. É necesario propor e desenvolver actividades de avaliación referidas a feitos (que implican memorización, relación con outros contidos...), a conceptos (coñecementos, comprensión, ser capaz de transferir a outra situación un método ou caso, probas que impliquen a actividade intelectual do alumnado), a procedementos (habilidades na resolución de problemas, construción de gráficos, elaboración de táboas, uso de información, realización de guións ou esquemas ...), a actitudes (colaboración nos traballos, desenvolvemento de opinións críticas, participación nas tarefas colectivas, colaboración no bo funcionamento e desenvolvemento da clase ...).

A avaliación de actitudes e valores é moi difícil, ten moito que ver coa capacidade persuasiva do profesorado e ten que ser recoñecida polo alumnado coma útil. De tódolos xeitos hai cousas medibles como son: a realización de xuízos reflexivos e sistematizados, o recoñecemento de valores positivos cara a certo tipo de comportamentos desexables (funcionamento da clase, participación nos traballos, grao de cumprimento dos compromisos adquiridos, nivel de traballo en grupo...).

A avaliación final ten coma obxectivo clasificar, nivelar e certificar ao alumnado con respecto ao grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou curso. Ao final, resumindo moito, supoñería coñecer se os rendementos foron suficientes e satisfactorios. Ademais a avaliación deberá ser individualizada (do alumno/a respecto a si mesmo/a).

O alumnado será cualificado polo dominio que demostre sobre os contidos, procedementos e actitudes amosadas durante o curso. As cualificacións serán a nota media de tódalas notas obtidas nas distintas probas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>33</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	91	<b>97</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	9	<b>3</b>

#### **Criterios de cualificación:**

A cualificación do trimestre: farase un control e un exame en cada avaliación. No control entrarán 2 temas e no exame todos os temas correspondentes á avaliación (4 polo xeral). De aí que o control puntúe un 30% da nota das probas escritas e o exame o 70 % restante. O 90% da nota será a cualificación das probas escritas e o 10% o traballo na aula e os que se envíen para realizar na casa.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación ordinaria: calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais.

#### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supera algunha avaliación parcial, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos das avaliacións suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación sexa mínimo 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita. O alumnado supera a materia cando acada unha cualificación mínima de 5.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna do xeito máis personalizado posible, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións nas que sexa necesario, realizaranse adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación sexual, Educación viaria e a Educación para o consumidor	X	X	X

### Observacións:

Os temas transversais establecidos: Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación sexual, Educación viaria e a Educación para o consumidor, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que polas súas características sexan máis acordes.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración de efemérides, cine na aula	Aula virtual do centro en webs dinámicas. Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex. Biblioteca. Plans, proxectos e programas de centro. Aula de informática. Apuntamentos proporcionados pola profesora.s. Ilbros de lectura. Kahoot. Aula virtual...	X	X	X

### Observacións:

- Celebración de efemérides: Día da muller, Día da muller na ciencia, Día da Paz, etc.
- Cine na aula.

Ao longo do curso, irán facendo traballos biográficos dos economistas que se tratan nas diferentes unidades didácticas.

Neste nivel, realizaranse menos actividades extraescolares fóra do centro escolar, dado que o tempo é escaso para tratar todos os temas e preparar ao alumnado para presentarse ás probas ABAU.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.



### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión axeitada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao iniciar o curso revisárase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior. Os instrumentos empregados deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, identificar o non aprendido e determinar o por que para intentar corrixir as desviacións de cara a novos cursos. Ao longo do curso iránselle propoñendo unha serie de probas, que dado o nivel e os contidos que se manexan van recaer fundamentalmente en traballos e exames. Todo este proceso debe proporcionar información non só dos pasos dados polo alumnado, senón polo propio proceso de ensinanza en si mesmo e debe responder ás seguintes preguntas:

- Propuxéronse as actividades necesarias para desenvolver as capacidades que establecemos?
- O material proporcionado foi o axeitado? 10/10/2023 17:20:43 Páxina 30 de 31
- Os programas de "recuperación", foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados ás circunstancias de cada alumno ou alumna segundo o tipo de carencia que presentaba?
- O tempo dedicado ao desenvolvemento da unidade foi o necesario?

Segundo as respostas obtidas ás preguntas anteriores, haberá que realizar as modificacións pertinentes nas programacións didácticas, de cara a melloralas para vindeiros cursos académicos.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos

### **9. Outros apartados**